

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONYI115	Expediente CON/67/2013	

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 15 euros/hora euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 18 de setembro de 2014, ás 9 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./D^a María José Corral López

Vocales: D./D^a. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP.

D./D^a. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./D^a. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./D^a. Angeles Botas, xefe de Sección de Servizos Sociais.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON AVALIABLES mediante cifras asisten: D. Fernando J. Paz Santos en representación da empresa INSTITUTO GESTION SANITARIA SA (INSGESAN), D. Santiago Vázquez en nome da empresa ATENDO CALIDADE S.L.; Dna. Noemi Rodríguez Romero en representación de CLECE, S.A., Dna. Marta Fernández en representación de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	15/07/2014	35.111	ATENDO CALIDADE SL
2	15/07/2014	35.179	GERIATROS S A U
3	16/07/2014	35.324	CLECE SA (*)
4	17/07/2014	35.540	VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L. (*)
5	17/07/2014	35.561	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (*)
6	17/07/2014	35.565	INSTITUTO GESTION SANITARIA SA (INSGESAN) (*)
7	17/07/2014	35.567	POVINET, SCV - (SERCOVAL) (*)
8	17/07/2014	35.571	CARFLOR S.L. (*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes do que resulta:

- As empresas GERIATROS S.A.U. e CLECE S.A non asinan debidamente a documentación aportada, incumprindo o taxativo requirimento do Prego de aplicación que establece que *"será motivo de exclusión da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, Baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre"*.

Consultada a persoa que en representación da empresa CLECE asiste a este acto público, sobre si ten poder de firma para asinar a documentación neste mesmo momento, ante a súa negativa, e seguindo o criterio xa mantido en numerosas situacións análogas precedentes polas mesas celebradas neste Concello, acórdase a exclusión da licitación destas dúas empresas.

- A empresa INSTITUTO GESTION SANITARIA SA (INSGESAN), presenta unicamente unha unidade do soporte informático en CD que se lle require como formato obrigatorio, incumprindo tamén o requirimento taxativo do prego que esixe *"dúas unidades idénticas CD"* Prego que, así mesmo, califica claramente como excluínte o incumprimento deste requirimento.

Apreciada pola mesma empresa esta deficiencia, e a efectos da súa subsanación, aportou motu proprio este segundo CD nun sobre cerrado, que, sen embargo, foi entregado tres días despois da finalización do prazo de presentación de ofertas. Esta data de





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY1115	<i>Expediente</i> CON/67/2013	

entrega, de acordo co criterio fixado neste propio acto polo director da asesoría xurídica e polo interventor municipal, impide que esta documentación complementaria poida considerarse admisible, polo que seguindo tamén o criterio xa mantido en numerosas situacións análogas precedentes polas mesas celebradas neste Concello , acórdase a súa exclusión da licitación.

As restantes empresas cumpre os requirimentos do prego e, polo tanto, a mesa acorda o traslado da súa documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliábles mediante cifras.

Ás 9:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY1115	<i>Expediente</i> CON/67/2013	

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 15 euros/hora euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Servizo de Contratación do Concello de Santiago, 24 de setembro de 2014, ás 8:45 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª María José Corral López

Vocales: D./Dª. María Angeles Antón Vilasánchez representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª. Angeles Botas, xefe de Sección de Servizos Sociais.

Dna. Ana Gago, Viceinterventora xeral Municipal.

D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación reúne-se ós efectos de tomar coñecemento do escrito presentado pola empresa INGESAN alegando contra a súa exclusión da licitación acordada na reunión anterior. A mesa acorda manter o seu criterio e continuar o procedemento.

Ás 9 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY1115	<i>Expediente</i> CON/67/2013	

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 15 euros/hora euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Urbanismo, Antiga Capela, 24 de novembro de 2014, ás 9:00 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª María José Corral López
Vocales: D./Dª. Reyes Leis Rodríguez, representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª Teresa Furelos, xefe de Sección de Servizos Sociais.
Dª. Ana Gago, Viceinterventora Municipal.
D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten Dª Ana Castro, representante da empresa CLECE, e Dª Mónica Pérez Fernández, representante da empresa GERIATROS

Convocase a mesa para dar traslado das resolucións do tribunal administrativo central de recursos contractuais ás reclamacións presentadas polas empresas GERIATROS, INGESAN e CARFLOR referentes a distintos aspectos do procedemento.

O devandito tribunal rexeita os recursos presentados polas empresas GERIATROS e CARFLOR, manténdose polo tanto a exclusión da licitación da empresa GERIATROS.

Con respecto a empresa INGESAN acéptase o seu recurso, polo que a mesa acorda reincorporala ó procedemento, dado que os dous CD's xa constan no expediente ó aportalos xa anteriormente a empresa, e dar traslado da súa documentación ós técnicos municipais competentes para a elaboración do informe sobre as plicas presentadas.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY1115	<i>Expediente</i> CON/67/2013	

ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 15 euros/hora euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Urbanismo, Antiga Capela, 9 de decembro de 2014, ás 10:30 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª María José Corral López
Vocales: D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª. Teresa Furelos, xefe de servizo de Servizos Sociais.
D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.
D. Jose Ramón Alonso, Vicesecretario.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.



A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adjudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión, amosándose todos eles conforme co seu contido e conclusión. Este informe acompáñase á presente acta.

Polo tanto, e de conformidade con él, a mesa acorda excluir da licitación á empresa POVINET, por revelar nesta fase procedimental información (melloras) que non debía porse de manifesto ata a apertura do sobre que contén os criterios definidos como avaliados en forma de cifras ou porcentaxes, incumprindo o taxativo requerimento de prego recollido no seu apartado 13.3.

Ás 10:45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



INFORME TECNICO DE VALORACIÓN DOS SOBRES Nº 2 DAS PROPOSTAS PRESENTADAS NA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/67/2013

PRIMEIRO.- Mediante oficio do servizo de contratación, remítense a Servizos Sociais as plicas presentadas á licitación (sobre nº 2:) do servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela, ó obxecto de que se emita informe de valoración das mesmas.

Licitadores:

- ✚ ATENDO CALIDADE SL.
- ✚ VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA.
- ✚ EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.
- ✚ POVINET, SCV - (SERCOVAL).
- ✚ CARFLOR S.L.
- ✚ INGESAN – GRUPO OHL

SEGUNDO.- Que de acordo co PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, na súa Disposición Xeral Nº 13.3 se prevee entre outras que o SOBRE Nº 2 Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adjudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/67/2013**.

Parágrafo 3º.- Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes invalidará automaticamente a oferta.

- ✚ Licitador ATENDO CALIDADE SL. a documentación en soporte papel como a do CD facilitado polo órgano de contratación teñen exactamente o mesmo contido.
- ✚ Licitador VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA: a documentación en soporte papel como a do CD facilitado polo órgano de contratación teñen exactamente o mesmo contido.
- ✚ Licitador EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.: a documentación en soporte papel como a do CD facilitado polo órgano de contratación teñen exactamente o mesmo contido.
- ✚ Licitador POVINET, SCV - (SERCOVAL): a documentación en soporte papel como a do CD facilitado polo órgano de contratación teñen exactamente o mesmo contido.
- ✚ Licitador CARFLOR S.L.: a documentación en soporte papel como a do CD facilitado polo órgano de contratación teñen exactamente o mesmo contido.
- ✚ Licitador INGESAN – GRUPO OHL: a documentación en soporte papel como a do CD facilitado polo órgano de contratación teñen exactamente o mesmo contido.

*Parágrafo 8º.- Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou ás melloras que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de **exclusión** da licitación.*

POVINET, SCV - (SERCOVAL). -

O presente licitador en aplicación ao artigo 13.3, parágrafo 8º do prego de cláusulas administrativas por incluír no sobre nº 2, no "Proyecto de gestión del Servicio de Ayuda a Domicilio", no apartado 5 (páxinas 19 ata 24) as melloras que se ofrecen, deberá quedar **EXCLUÍDA** da Licitación.

TERCEIRO.- Que de acordo coa Disposición Xeral Nº 10 "Procedemento de Adxudicación" Prego de cláusulas administrativas particulares o contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan a continuación:

10.3.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES

1.-MELLOR PROPOSTA TÉCNICA, presentada conforme ao establecido no prego técnico, presentada en memoria explicativa acerca do proxecto técnico e da metodoloxía para o desenvolvemento executivo do servizo, a súa adecuación ao contexto dos servizos sociais así como aos contidos. Ata un máximo de 20 puntos.

Valorarase como mellor proposta técnica:

10.3.1.1.- Proxecto técnico: ata un máximo de 15 puntos.

❖ **Manual de desenvolvemento funcional, específico para o Concello de Santiago de Compostela, da xestión do servizo de axuda no Fogar obxecto do contrato. Ata un máximo de 8 puntos.**

Para a valoración deste punto compre distribuír en 4 apartados o manual presentado polos licitadores do xeito que segue:

- a) Manual de desenvolvemento funcional, específico para o Concello de Santiago de Compostela: 2 puntos
- b) Sistema de Comunicación e Coordinación para a xestión do servizo: ata 2 puntos
- c) Protocolos de actuación contidos no manual para a xestión do servizo : ata 2 puntos
- d) Manual para a Xestión económica do servizo: 2 puntos

Licitadores

📌 **ATENDO CALIDADE SL.** Contempla nas paxs. 4 e ss. da súa presentación o que denomina **Manual de desenvolvemento Funcional**, no que amosa o xeito de efectuar a implementación do servizo.

- a) O manual non ten carácter específico para o concello de Santiago de Compostela: **0 puntos**.
- b) O manual, no apartado 2º, denominado **Dirección e coordinación**, presenta unha descrición xeneralista do sistema de coordinación: **1 punto**
- c) Fai referencia a numerosos Protocolos de actuación para a xestión do servizo: **2 puntos**
- d) Propón programas específicos para a xestión económica do servizo: **2 puntos**

Puntuación = (0+1+2+2)= 5 puntos

📌 **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA:** Contempla nas paxs.3 e ss. da súa presentación, un apartado denominado **1.1. Manual de desarrollo funcional de xestión do Servizo de Axuda no Fogar**, no que amosa o xeito de efectuar a implementación do servizo.

- a) O manual ten carácter específico para o concello de Santiago de Compostela: **2 puntos**.
- b) O manual, no apartado 3º, denominado **Sistema de coordinación e seguimento telefónico e presencial da coordinadora** presenta unha descrición moi axustada e adaptada á realidade do traballo diario entre todos os axentes participantes no desenvolvemento do servizo: **2 puntos**
- c) Fai referencia a numerosos Protocolos de actuación para a xestión do servizo: **2 puntos**
- d) Propón programas específicos para a xestión económica do servizo: **2 puntos**

Puntuación =(2+2+2+2)= 8 puntos

📌 **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.:** Contempla nas paxs.2 e ss. da súa presentación un apartado denominado **A.- Proxecto técnico** no que amosa o xeito de efectuar a implementación do servizo.

- a) O manual non ten carácter específico para o concello de Santiago de Compostela: **0 puntos**.
- b) O manual, no apartado 4.4º, denominado **Sistema de coordinación do servizo** presenta unha descrición moi axustada e adaptada á realidade do traballo diario entre todos os axentes participantes no desenvolvemento do servizo: **2 puntos**.
- c) Fai referencia a numerosos Protocolos de actuación para a xestión do servizo: **2 puntos**
- d) Propón programas específicos para a xestión económica do servizo: **2 puntos**

Puntuación =(0+2+2+2)= 6 puntos

- ✚ **CARFLOR S.L.:** Contempla na súa presentación, paxs. 2 e ss., un apartado denominado 1.1 **Manual de desenvolvemento Funcional** no que amosa o xeito de efectuar a implementación do servizo.
 - a) O manual ten carácter específico para o concello de Santiago de Compostela: **2 puntos**.
 - b) O manual, no apartado 1.1.2, denominado **Mecanismos de Coordinación** presenta unha descrición moi axustada e adaptada á realidade do traballo diario entre todos os axentes participantes no desenvolvemento do servizo: **2 puntos**
 - c) Fai referencia a numerosos Protocolos de actuación para a xestión do servizo: **2 puntos**
 - d) Propón programas específicos para a xestión económica do servizo: **2 puntos**

Puntuación =(2+2+2+2)= 8 puntos

- ✚ **INGESAN – GRUPO OHL:** Contempla na súa presentación, paxs. 1 e ss., un apartado denominado **Proxecto técnico** no que amosa o xeito de efectuar a implementación do servizo.
 - a) O manual ten carácter específico para o concello de Santiago de Compostela: **2 puntos**.
 - b) O manual, no apartado 1.1. denominado **Manual de desarrollo Funcional** presenta unha descrición moi axustada e adaptada á realidade do traballo diario entre todos os axentes participantes no desenvolvemento do servizo: **2 puntos**
 - c) Fai referencia a numerosos Protocolos de actuación para a xestión do servizo: **2 puntos**
 - d) Propón programas específicos para a xestión económica do servizo: **2 puntos**

Puntuación =(2+2+2+2)= 8 puntos

❖ **Soportes documentais para organización, seguimento e control do servizo. Ata un máximo de 3 puntos.**

Licitadores:

- ✚ **ATENDO.CALIDADE SL:** Presenta no seu Proxecto técnico, paxs. 28 e ss., soportes documentais suficientes para un adecuado desenvolvemento do servizo: **3 puntos**.
- ✚ **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA:** Presenta no seu Proxecto técnico, paxs. 13 e ss., soportes documentais suficientes para un adecuado desenvolvemento do servizo: **3 puntos**.
- ✚ **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.:** Presenta no seu Proxecto técnico, paxs. 41 e ss., soportes documentais suficientes para un adecuado desenvolvemento do servizo: **3 puntos**.
- ✚ **CARFLOR S.L.:** Presenta no seu Proxecto técnico, paxs. 15 e ss., soportes documentais suficientes para un adecuado desenvolvemento do servizo: **3 puntos**.
- ✚ **INGESAN – GRUPO OHL:** Presenta no seu Proxecto técnico, paxs. 19 e ss., soportes documentais suficientes para un adecuado desenvolvemento do servizo: **3 puntos**.

❖ **Actividades e programas para os usuarios do servizo de Axuda no Fogar. Ata un máximo de 4 puntos.**

Aos efectos de facer a valoración do presente apartado, compre distinguir entre oferta de Actividades de Prevención Ocio e apoio a coidadores e a oferta de Programas de carácter asistencial, entendendo por:

- a) Actividades de Prevención, Ocio e apoio a coidadores aquelas que van dirixidas ás persoas usuarias, familiares, auxiliares e/ou poboación en xeral: ata 2 puntos.
- b) Programas de carácter asistencial aquelas que van dirixidas a o propio desenvolvemento do servizo: ata 2 puntos.

Licitadores:

✚ **ATENDO CALIDADE SL.**, Contempla nas paxs. 37 e ss. da súa presentación:

- a) Diversas e adecuadas actividades : **2 puntos**
- b) Presenta 1 Programa de adaptación funcional do Fogar: **1 punto**

Puntuación = (2+1)= 3 puntos

✚ **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA:** Contempla nas paxs. 33 e ss. da súa presentación:

- a) Diversas e adecuadas actividades : **2 puntos**
- b) No presenta Programas de carácter asistencial: **0 puntos**

Puntuación = (2+0)= 2 puntos

✚ **EULEN SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS S.A.** Contempla nas paxs. 43 e ss. da súa presentación:

- a) Diversas e adecuadas actividades : **2 puntos**
- b) Presenta 2 Programas: mantemento e reparacións na vivenda e servizo de limpeza de Choque: **2 puntos**

Puntuación = (2+2)= 4 puntos

✚ **CARFLOR S.L.:** Contempla nas paxs. 19 e ss. da súa presentación:

- a) Diversas e adecuadas actividades : **2 puntos**
- b) Presenta 2 Programas: 10 bonos de servizo de urxencia 24 horas e 4 terminais para localización móbil: **2 puntos**

Puntuación = (2+2)= 4 puntos

✚ **INGESAN – GRUPO OHL:** Contempla nas paxs. 21 e ss. da súa presentación:

- a) Concreta unha festa anual : **0,5 puntos**
- b) Presenta 2 Programas: Individualizado de estimulación cognitiva, Individualizado de estimulación funcional **2 puntos**

Puntuación = (0,5+2)= 2,5 puntos

1.1 Proxecto técnico: ata un máximo de 15 puntos				
ATENDO CALIDADE	VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA	EULEN SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS S.A.	CARFLOR S.L. (LEON)	INGESAN GRUPO OHL
· Manual de desenvolvemento: 5 p.	· Manual desenvolvemento : 8 p.	· Manual desenvolvemento : 8 p.	· Manual desenvolvemento : 8 p.	· Manual desenvolvemento : 8 p.
· Soportes documentais: 3 p.	· Soportes documentais: 3 p.	· Soportes documentais: 3 p.	· Soportes documentais: 3 p.	· Soportes documentais: 3 p.
· Actividades e Programas : 3 p.	· Actividades e Programas : 2 p.	· Actividades e Programas : 2 p.	· Actividades e Programas : 4 p.	· Actividades e Programas : 2,5 p.
Total parcial 11 puntos	Total parcial 13 puntos	Total parcial 13 puntos	Total parcial 15 puntos	Total parcial 13,5 puntos

10.3.1.2.–Medios materiais, instalacións e equipo técnico que se vaian a poñer a disposición exclusiva do contrato, m2 da oficina en Santiago de Compostela, n.º de postos e equipamento por posto, n.º de liñas telefónicas, accesibilidade: ata un máximo de 4 puntos.

Para a valoración deste punto compre distribuír en 4 apartados o manual presentado polos licitadores do xeito que segue:

- a) Local e accesibilidade: 1 punto
- b) Medios materiais, postos, material informático, fotocopiadoras, liñas telefónicas, etc. : 1 punto
- c) Axudas técnicas: 1 punto
- d) Programa Informático de xestión: 1 punto

Licitadores:

✚ **ATENDO CALIDADE SL.** Contemplase nas paxs. 41 e ss. da súa presentación que:

- a) Ofrece un local adecuado e adaptado ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- b) Ofrece medios materiais adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- c) Ofrece axudas técnicas adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- d) Ofrece Programa informático para a xestión do Servizo: **1 punto.**

Puntuación = (1+1+1+1)= 4 puntos

VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA. Contemplase nas paxs. 36 e ss. da súa presentación que :

- a) Ofrece un local adecuado e adaptado ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- b) Ofrece medios materiais adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- c) Ofrece axudas técnicas adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- d) Ofrece Programa informático para a xestión do Servizo: **1 punto.**

Puntuación = (1+1+1+1)= 4 puntos

EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A. Contemplase nas paxs. 45 e ss. da súa presentación que:

- a) Ofrece un local adecuado e adaptado ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- b) Ofrece medios materiais adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- c) Ofrece axudas técnicas adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- d) Ofrece Programa informático para a xestión do Servizo: **1 punto.**

Puntuación = (1+1+1+1)= 4 puntos

CARFLOR S.L. Contemplase nas paxs. 21 e ss. da súa presentación que :

- a) Ofrece un local adecuado e adaptado ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- b) Ofrece medios materiais adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- c) Ofrece axudas técnicas adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- d) Ofrece Programa informático para a xestión do Servizo: **1 punto.**

Puntuación = (1+1+1+1)= 4 puntos

INGESAN – GRUPO OHL. Contemplase nas paxs. 21 e ss. da súa presentación que :

- a) Ofrece un local adecuado e adaptado ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- b) Ofrece medios materiais adecuados e adaptados ás necesidades da prestación do Servizo: **1 punto.**
- c) No ofrece axudas técnicas: **0 puntos.**
- d) Ofrece Programa informático para a xestión do Servizo: **1 punto.**

Puntuación = (1+1+0+1)= 3 puntos

1.2 Medios materiais, instalacións e equipo técnico que se vaian a poñer a disposición exclusiva do contrato, m2 da oficina en Santiago de Compostela, nº de postos e equipamento por posto, nº de liñas telefónicas, accesibilidade: ata un máximo de 4 puntos.

ATENDO CALIDADE	VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA	EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.	CARFLOR S.L. (LEON)	INGESAN GRUPO OHL
a) Local e accesibilidade: 1 p.	a) Local e accesibilidade: 1 p.	a) Local e accesibilidade: 1 p.	a) Local e accesibilidade: 1 p.	a) Local e accesibilidade: 1 p.
b) Medios materiais: 1 p.	b) Medios materiais: 1 p.	b) Medios materiais: 1 p.	b) Medios materiais: 1 p.	b) Medios materiais: 1 p.
c) Axudas técnicas: 1 p.	c) Axudas técnicas: 1 p.	c) Axudas técnicas: 1 p.	c) Axudas técnicas: 1 p.	c) Axudas técnicas: 0 p.
d) Programa Informático de xestión: 1 p.	d) Programa Informático de xestión: 1 p.	d) Programa Informático de xestión: 1 p.	d) Programa Informático de xestión: 1 p.	d) Programa Informático de xestión: 1 p.
Total parcial 4 puntos	Total parcial 4 puntos	Total parcial 4 puntos	Total parcial 4 puntos	Total parcial 3 puntos

10.3.1.3 .- Plan de calidade e inspeccións implantado controis de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais. Ata un máximo de 1 punto.

Licitadores

- ✚ **ATENDO CALIDADE SL.:** Contempla nas paxs. 49 e ss. da súa presentación o Plan de calidade e inspeccións implantado controis de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais : **1 punto**
- ✚ **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA:** Contempla nas paxs. 46 e ss. da súa presentación o Plan de calidade e inspeccións implantado controis de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais: **1 punto**
- ✚ **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.:** Contempla nas paxs. 49 e ss. da súa presentación o Plan de calidade e inspeccións implantado controis de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais : **1 punto.**
- ✚ **CARFLOR S.L.:** Contempla nas paxs. 26 e ss. da súa presentación o Plan de calidade e inspeccións implantado controis de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais: **1 punto**
- ✚ **INGESAN – GRUPO OHL:** Contempla nas paxs. 26 e ss. da súa presentación o Plan de calidade e inspeccións implantado controis de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais: **1 punto**

10.3.1.3 .- Plan de calidade e inspeccións implantado controis de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais. Ata un máximo de 1 punto				
ATENDO CALIDADE	VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.	CARFLOR S.L. (LEON)	INGESAN GRUPO OHL
1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 p.	1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 p.	1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 p.	1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 p.	1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 p.
Total parcial 1 punto	Total parcial 1 punto	Total parcial 1 punto	Total parcial 1 punto	Total parcial 1 punto

CUARTO.- como consecuencia das valoracións anteriores, a valoración final dos sobres nº 2 das propostas presentadas na contratación mediante procedemento aberto, do servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela CON/67/2013 é a seguinte:

Licitadores:

- Excluído:

- ✚ **POVINET, SCV - (SERCOVAL)** polas razóns expostas na pax. 1 do presente informe.

- Valorados:

- ✚ **ATENDO CALIDADE SL. : 11+4+1=TOTAL 16 puntos.**
- ✚ **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA: 13+4+1=TOTAL 18 puntos.**
- ✚ **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.: 13+4+1=..... TOTAL 18 puntos.**
- ✚ **CARFLOR S.L.: 15+4+1=TOTAL 20 puntos.**
- ✚ **INGESAN – GRUPO OHL: 13,5+3+1=..... TOTAL 17,5 puntos.**

QUINTO.- Acompañase un cadro resumen das valoracións parciais dos sobres nº 2 das propostas presentadas na contratación mediante procedemento aberto, do servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela CON/67/2013

Santiago de Compostela, a 2 de decembro do 2014.

Asdo.:

Inmaculada Peleteiro Rodríguez
Técnica Responsable Programa


Asdo.:

M^a Angeles Botas Piñón
Xefa de Sección de S. Sociais


V. P. Asdo.:

M^a Teresa Furelos Toral
Xefa do servizo da Área de B. Social

SERVIZO DE CONTRATACIÓN



VALORACIÓN DOS SOBRES Nº 2 DAS PROPOSTAS PRESENTADAS NA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDANO FOGAR NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/67/2013

 <p>CONCELLO DE SANTIAGO</p>	<p>10.2.a) CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS: 1.—MELLOR PROPOSTA TÉCNICA, presentada conforme ao establecido no prego técnico, presentada en memoria explicativa acerca do proxecto técnico e da metodoloxía para o desenvolvemento executivo do servizo, a súa adecuación ao contexto dos servizos sociais así como aos contidos. Ata un máximo de 20 puntos.</p> <p>A valoración do plan será a seguinte:</p>	<p>10.3.1.1 Proxecto técnico: ata un máximo de 15 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> Manual de desenvolvemento funcional específico para o Concello de Santiago de Compostela, da xestión do servizo de axuda no fogar obxecto do contrato: ata un máximo de 8 puntos. Soportes documentais para organización, seguimento e control do servizo: ata un máximo de 3 puntos. Actividades e programas para os usuarios do servizo de Axuda no Fogar: ata un máximo de 4 puntos. <p>Total parcial 11 puntos</p>	<p>10.3.1.2 Medios materiais, instalacións e equipo técnico que se vaian a poñer a disposición exclusiva do contrato, m2 da oficina en Santiago de Compostela, nº de postos e equipamento por posto, nº de liñas telefónicas, accesibilidade: ata un máximo de 4 puntos.</p> <p>a) Local e accesibilidade: 1 punto b) Medios materiais: 1 punto c) Axudas técnicas: 1 punto d) Programa Informático de xestión: 1 punto Total parcial 4 puntos</p>	<p>10.3.1.3 Plan de calidade e inspeccións implantado control de calidade a realizar na execución da prestación con procedementos e actuacións documentadas e soportes documentais: ata un máximo de 1 punto.</p>	<p>TOTAL</p>
<p>ATENDO CALIDADE SL.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Manual desenvolvemento: 5 puntos Soportes documentais: 3 puntos Actividades e Programas : 3 puntos <p>Total parcial 11 puntos</p>	<p>1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 punto</p> <p>16 PUNTOS</p>			
<p>VALORIZA SERVIZOS A LA DEPENDENCIA</p>	<ul style="list-style-type: none"> Manual desenvolvemento : 8 puntos Soportes documentais: 3 puntos Actividades e Programas : 2 puntos <p>Total parcial 13 puntos</p>	<p>1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 punto</p> <p>18 PUNTOS</p>			
<p>EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Manual desenvolvemento : 6 puntos Soportes documentais: 3 puntos Actividades e Programas : 4 puntos <p>Total parcial 13 puntos</p>	<p>1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 punto</p> <p>18 PUNTOS</p>			
<p>CARFLOR S.L.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Manual desenvolvemento : 8 puntos Soportes documentais: 3 puntos Actividades e Programas : 4 puntos <p>Total parcial 15 puntos</p>	<p>1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 punto</p> <p>20 PUNTOS</p>			
<p>INGESAN OHL</p>	<ul style="list-style-type: none"> Manual desenvolvemento : 8 puntos Soportes documentais: 3 puntos Actividades e Programas : 2,5 puntos <p>Total parcial 13,5 puntos</p>	<p>1.3 Plan de calidade e inspeccións: 1 punto</p> <p>17,5 PUNTOS</p>			

Santiago de Compostela, o 2 de decembro de 2014

Asdo.: Inmaculada Peleteiro Rodríguez
Responsable Programa SAF

Asdo.: M^{te} Angeles Botas Piñón
Xefa de Sección de S. Sociais

V. P. Asdo.: M^{te} Teresa Fofelos Toral Técnica
Xefa do servizo da Área de B. Social



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	
CONY1115	CON/67/2013	

ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 15 euros/hora euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Urbanismo, Antiga Capela, 15 de decembro de 2014, ás 9:40 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª María José Corral López
Vocales: D./Dª. María Angeles Antón, representante do grupo PP.
 D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D./Dª. Angeles Botas, xefe de Sección de Servizos Sociais.
 Dª Ana Gago, Viceinterventora Municipal.
Secretario: D. Juan Manuel Salguero del Valle, Director da asesoría xurídica municipal.
 D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten D. Fernando Paz representante de INGESAN, D. Santiago Vázquez, representante de ATENTO

A Mesa de Contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase á presente acta.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVA excluído)
1	ATENDO CALIDADE SL	14,38€
2	VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.	14,64€
3	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.	14,73€
4	CARFLOR S.L.	14,49€
5	INGESAN - GRUPO OHL.	14,41€


Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

As 10:00 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA







Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONY1115	Expediente CON/67/2013	

ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 15 euros/hora euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Urbanismo, Antiga Capela, 5 de febreiro, ás 10:05 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª María José Corral López

Vocales: D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª Teresa Furelos, xefe do servizo municipal de Servizos Sociais.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. José Ramón Alonso Fernández, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L..

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

As empresas GERIATROS S.A.U. e CLECE S.A non asinan debidamente a documentación aportada, incumprindo o taxativo requirimento do Prego de aplicación que establece que *"será motivo de exclusión da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea subscrita na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, Baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre"*.

A empresa POVINET, por revelar na fase procedimental información (melloras) que non debía porse de manifesto ata a apertura do sobre que contén os criterios definidos como avaliábeis en forma de cifras ou porcentaxes, incumprindo o taxativo requirimento do prego recollido no seu apartado 13.3.

A empresa INGESAN- GRUPO OHL, non presenta o estudo económico requerido na cláusula 13.4. do prego de aplicación, non quedando garantizada en consecuencia a coherencia económica e viabilidade do seu proxecto, o que, de acordo coa redacción da devandita cláusula, deriva na súa exclusión da licitación.

A empresa CARFLOR, xa que, a vista da análise realizada polos servizos económicos do Concello, o estudo económico presentado adolece de incoherencia e falta de rigor, e polo tanto, entendendo a mesa que non queda garantizada a coherencia económica e viabilidade do seu proxecto de acordo cos requirimentos da cláusula 13.4. do prego de aplicación, esta circunstancia deriva na súa exclusión da licitación.

SEGUNDO: Trasladar ao concelleiro delegado de Contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **14,64 euros/hora IVE** aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como acredite a súa solvencia económica e técnica, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	
CONCELLARÍA DE FAMILIA, BENESTAR SOCIAL, MULLER E EMPREGO	
U.TECNICA... <i>SS</i> ...	REF.....
ENTRADA Nº... <i>2484</i> ...	SAÍDA Nº.....
DATA.....	DATA.....

Informe técnico de Servizos Sociais

INFORME TECNICO DE VALORACIÓN DOS SOBRES Nº 3 DAS PROPOSTAS PRESENTADAS NA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON/67/2013

PRIMEIRO.- Mediante oficio de data 15 de decembro de 2014 do servizo de contratación, recibido o día 18 de decembro de 2014, remítense a Servizos Sociais as plicas presentadas á licitación "servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela" e correspondente aos sobre nº 3, ó obxecto de que se emita informe de valoración das mesmas.

Licitadores:

- ✚ ATENDO CALIDADE SL.
- ✚ VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA.
- ✚ EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.
- ✚ CARFLOR S.L.
- ✚ INGESAN – GRUPO OHL

SEGUNDO.- Que de acordo co PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, na súa Disposición Xeral Nº 13.4 se prevee entre outras que o **SOBRE Nº 3** Subtitulado: Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela CON/67/2013:**

Parágrafo 1º.- O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o IVE.

- ✚ Licitador **ATENDO CALIDADE SL.** : O prezo ofertado polo licitador cumpre co establecido na disposición xeral 13.4, parágrafo Primeiro e é de 14,38 €/hora.
- ✚ Licitador **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA:** O prezo ofertado polo licitador cumpre co establecido na disposición xeral 13.4, parágrafo Primeiro e é de 14,64 €/hora.
- ✚ Licitador **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.:** O prezo ofertado polo licitador cumpre co establecido na disposición xeral 13.4, parágrafo Primeiro e é de 14,73 €/hora.
- ✚ Licitador **CARFLOR S.L.:** O prezo ofertado polo licitador cumpre co establecido na disposición xeral 13.4, parágrafo Primeiro e é de 14,49 €/hora.
- ✚ Licitador **INGESAN – GRUPO OHL:** O prezo ofertado polo licitador cumpre co establecido na disposición xeral 13.4, parágrafo Primeiro e é de 14,41 €/hora.

Aos efectos da valoración dos **Parágrafos 2º e 3º**, con data de 26 de decembro de 2014 solicítase dende a Concellaría da Área de Servizos Sociais á Concellaría de Facenda deste Concello que se requira a quen corresponda, a emisión dun informe sobre "os estudos de coherencia económica e viabilidade dos proxectos das cinco empresas licitadoras, xa que do análise deste estudio derivará na exclusión das ofertas que se califiquen como incoherentes o inviables economicamente. Con data 27 de xaneiro de 2015, recíbese informe técnico económico e de referencia emitido polo técnico da oficina orzamentaria Dn. Jesús Noya Liste, e que se acompaña co presente informe.

En base ao contido do disposto no apartado **13.4 PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES**, o alcance do informe limitase ao análise dos seguintes extremos:

1º.- Se as distintas empresas licitadoras presentaron o estudio solicitado, declarando a exclusión daquelas ofertas das distintas empresas licitadoras que non cumpran con este requisito.

2º.- Se o estudio presentado identifica e cuantifica os elementos básicos de custo necesarios para a correcta execución do contrato.

3º.- Se a valoración total dos elementos de custo descritos no seu estudio económico, incluído gastos xerais, beneficio industrial e impostos, permite a asunción por parte das distintas empresas licitadoras do prezo unitario de licitación proposto.

En base ao antedito, preséntase a continuación o análise realizado para as distintas empresas licitadoras para cada un dos extremos descritos con anterioridade.

1º.- Análise de se as distintas empresas licitadoras presentaron o estudio solicitado

Empresa Licitadora	Presentaron o estudio requerido
ATENDO CALIDADE S.L	SI
VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA	SI
EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.	SI
GRUPO CARFLOR S.L.	SI
INGESAN-GRUPO OHL	NON

Deste xeito, cabería concluír que todas as empresas licitadoras presentaron o estudio solicitado salvo a oferta da mercantil **INGESAN-GRUPO OHL**.

Segundo o previsto na disposición xerais 13.5, parágrafo 1º, que di " *Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refiren os dous últimos apartados, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate*". Neste caso

10.3.- CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES

10.3.2. MELLOR OFERTA ECONÓMICA

10.3.3. MELLORAS GRATUÍTAS

2º.- Análise de se os diferentes estudos presentados polas empresas licitadoras identifican e cuantifican os elementos básicos de custe necesarios para a correcta execución do contrato.

O técnico da oficina orzamentaria Dn. Jesús Noya Liste establece un **estudio económico tipo** que identifica e cuantifica os seguintes elementos de custe necesarios para a correcta execución do contrato:

➤ **Datos básicos do contrato SAF:**

	Con IVE	Sen IVE	
Prezo hora básico de licitación	15,60 €	15,00 €	
Anualidade de licitación (IVE incluído)	914.441,28 €	879.270,46 €	
Nº de horas ao ano máximas que se inclúen no contrato SAF	58.618 horas	58.618 horas	
Nº de horas mensuais media	4.885 horas	4.885 horas	
	<u>Totais</u>	<u>Básico</u>	<u>Dependencia</u>
Nº de usuarios totais do ano 2014 do SAF	2.078 usuarios	1.255 usuarios	823 usuarios
Nº de usuarios mensual do ano 2014 do SAF	173 usuarios	105 usuarios	69 usuarios
Nº de horas totais do ano 2014 do SAF	64.620 horas	24.662 horas	39.958 horas
Nº de horas mensuais do ano 2014 do SAF	5.385 horas	2.055 horas	3.330 horas

- Elementos de custe básicos que debería incorporar o estudo presentado:

Unidade de custe

Custe de Persoal (inclúe salario bruto e custe de seguridade social)
Outros custes de persoal (traballo en días festivos, gastos de transporte do persoal, servizo de prevención e vixianza da saúde)
Custes de Materiais (uniformes e material sanitario básico)
Gastos de funcionamento e xerais (inclúe gastos financeiros e impostos)
Valoración económica das melloras ofertadas

Beneficio Industrial

Custe anual do servizo

Licitadores:

ATENDO CALIDADE S.L

*O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora ATENDO identifica e valora os elementos de custe básicos e da proposta presentada xustifícase o prezo único ofertado na proposición económica, que é de **14,38 €/hora***

VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.

*O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora VALORIZA identifica e valora os elementos de custe básicos e da proposta presentada xustifícase o prezo único ofertado na proposición económica, que é de **14,64 €/hora**.*

EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.

O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora EULEN identifica e valora os elementos de custe básicos reflectidos no estudo económico tipo fixado con anterioridade, e da proposta presentada xustifícase o prezo único ofertado na proposición económica, que é de **14,73 €/hora**.

GRUPO CARFLOR S.L.

O estudo económico e de viabilidade presentado pola empresa licitadora CARFLOR non identifica e valora os elementos de custe básicos, senón que presenta unha conta de PyG onde incorpora unhas valoracións de gastos de persoal e gastos de explotación que non detalla e xustifica. **14,49 €/hora**.

De tódolos xeitos, a súa conta de PyG parte dun **erro básico**, xa que toma como INCN o importe dunha anualidade do orzamento de licitación IVE incluído do 4% (914.441,28 €), e debería ter en conta para a súa análise de que o IVE que se repercute no contrato tense que ingresar a facenda e non supón un ingreso para a empresa adxudicataria. Deste erro tamén se deriva o nº de horas máximo anual da licitación que a empresa licitadora fixa en **60.962,75 horas**, cando o número real máximo de horas ao ano que cabe no contrato para o prezo único de licitación é de 58.618 horas. Estes dous erros levan a que no seu estudo económico propoñan unha anualidade de prezo ofertado de **883.350,24 euros**, anualidade que non se podería cubrir co crédito previsto ao ano polo Concello de Santiago para a xestión deste contrato que se está a licitar.

Tendo en conta o antedito debería ser a mesa de contratación a que debera tomar a decisión que cabería adoptar en relación á incoherencia e a falta de rigor do estudo presentado, en aras a declarar unha posible exclusión ou non da oferta presentada por este licitador.

Segundo o previsto na disposición xerais 13.5, parágrafo 1º, que dí “ Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refiren os dous últimos apartados, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate”. Neste caso

10.3.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES

10.3.2. MELLOR OFERTA ECONÓMICA

10.3.3. MELLORAS GRATUÍTAS

3º.- Análise de se a valoración total dos elementos de custo descritos no seu estudo económico, incluído gastos xerais, beneficio industrial e impostos, permite a asunción por parte das distintas empresas licitadoras do prezo unitario de licitación proposto.

ATENDO CALIDADE SL : “o estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora ATENDO xustifica o prezo único ofertado na súa proposición económica, que é de 14,38 €/hora”.

VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA: “o estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora VALORIZA xustifica o prezo único ofertado na súa proposición económica, que é de 14,64 €/hora”.

EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.: “o estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora EULEN xustifica o prezo único ofertado na súa proposición económica, que é de 14,73 €/hora”.

CARFLOR S.L.: “O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora CARFLOR non identifica e valora os elementos de custe básicos reflectidos no estudo económico tipo fixado con anterioridade neste informe, senón que presenta unha conta de PyG onde incorpora unhas valoracións de gastos de persoal e gastos de explotación dos que lle resulta un prezo único ofertado na súa proposición económica, que é de 14,49 €/hora”.

TERCEIRO.- Que de acordo coa Disposición Xeral Nº 10 “Procedemento de Adxudicación” Prego de cláusulas administrativas particulares o contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan a continuación:

10.3.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES

10.3.2.- MELLOR OFERTA ECONÓMICA, ata 20 puntos

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de “precio máis baixo da oferta”. Obtido o orde de prelación de tódalas ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 20 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: puntuación da oferta

P_m: puntuación máxima posible (20 puntos)

O_b: importe da oferta máis baixa

O_n: Importe da oferta a puntuar

Como resultado Unha vez aplicadas as instrución sobre o procedemento para a valoración das ofertas económicas presentadas, a valoración resultante é a seguinte :

VALORACIÓN OFERTA ECONÓMICA SAF2014		
TIPO UNICO	4% IVE	TOTAL
15,00/€ hora	0,60 €	15,6
$Pn=(pm*ob)/On$	Pm	
Pn= Puntuacion da oferta		
Pm= Puntuacion máxima posible=20p	20	
Ob : importe oferta máis baixa	14,38	
On=Importe da oferta a puntuar		

Puntuación máxima= Pm				
	20			
EMPRESA	TIPO	On= importe a puntuar	BAIXA	Puntuación da oferta =(Pm*ob)/on
ATENDO C.	15,00	14,38	0,62	20,00
VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA		14,64	0,36	19,64
EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.		14,73	0,27	19,52

Ordenadas as empresas por orden de mellor a peor "segundo como criterio o prezo máis baixo da oferta" Sendo o resultado da puntuación, tal como se contempla nos criterios de adxudicación :

- Licitador **ATENDO CALIDADE SL.** : O prezo ofertado é de 14,38 €, = isto é **20 puntos**
- Licitador **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA:** O prezo ofertado é de 14,64 € = isto é **19,64 puntos**
- Licitador **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.:** O prezo ofertado é de 14,73 € = isto é **19,52 puntos**

MELLOR OFERTA ECONÓMICA, ata 20 puntos		
ATENDO CALIDADE	VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.
Total parcial 20 puntos	Total parcial 19,64 puntos	Total parcial 19,52 puntos



10.3.3. MELLORAS GRATUÍTAS. Outorgarase ata un máximo de 15 puntos.

Parágrafo Primeiro .- As melloras propostas polos licitadores deberán ser valoradas a través de presuposto detallado, factura pro-forma ou, no seu defecto, mediante unha cifra debidamente xustificada por outro medio. Aquelas melloras que non podan ser valoradas economicamente serán rexeitadas.

- ✚ 10.3.3.1 Outorgarase 0,10 puntos por cada de hora de atención profesional por cada 50 persoas usuarias, con especificación das atencións e os profesionais que as prestan: auxiliares, profesionais de atencións complementarias, etc... sen custo para o Concello nin para o usuario: ata un máximo de **1 punto**.
- ✚ 10.3.3.2 Outorgarase 0,10 puntos por cada axuda técnica por cada 50 persoas usuarias: guindastres e camas articuladas, cadeira de rodas, cadeira xiratoria baño, colchón antiescaras e similares, sen custo para o Concello nin para o usuario: ata un máximo de **1 punto**.
- ✚ 10.3.3.3 Outorgarase 2 puntos por cada praza anual dispoñible en centros residenciais, como servizo complementario para usuarios do SAF, para situacións de emerxencia e prescritos polo Concello sen incremento sobre o custo do SAF nin para o Concello nin para o usuario: ata un máximo de **4 puntos**.
- ✚ 10.3.3.4 Outorgarase 1 punto por cada profesional complementario ao esixido no prego (fisioterapeuta, profesional da podoloxía, da perruquería...) con presenza efectiva durante 5 horas semanais, que desenvolva a prestación dun servizo que mellore as atencións contempladas neste prego: ata un máximo de **3 puntos**.
- ✚ 10.3.3.5 Por presentar compromiso de medidas de fomento para a contratación e formación de persoas con dificultades para o acceso ao emprego, medidas para a igualdade e para a conciliación dos tempos laborais e persoais: **2 puntos**.
- ✚ 10.3.3.6 Capacidade de resposta, ata un máximo de **2 puntos**:
 - Redución do tempo de inicio da prestación do servizo, establecido en 7 días: 0,5 puntos por cada redución de 1 día ata un máximo de **1 puntos**.
 - Redución do tempo de inicio da prestación do servizo, establecido en 48 horas nos casos valorados de urxentes: 0,25 puntos por cada redución de 6 horas ata un máximo de **1 punto**.
- ✚ 10.3.3.7 Proxecto de formación anual continua do persoal adscrito ao contrato, con descrición de cada unidade formativa: contido, número de horas das unidades de formación, presencial ou a distancia e perfil profesional ao que se dirixen. ata un máximo de **2 puntos**:
 - 0,25 puntos por cada acción formativa anual, realizadas e pagadas a todo o persoal, que supere as 15 horas: ata un máximo de **1 punto**.
 - 0.50 puntos por cada acción formativa anual, realizadas e pagadas a todo o persoal, que supere as 30 horas: ata un máximo de **1 punto**.

Licitadores:

- ✚ **ATENDO CALIDADE SL.** .- Analizada e valorada a documentación deste licitador, correspóndelle **13 puntos**.

10.3.- MELLORAS	PUNTUACION	VALORACION ECONOMICA
10.3.1.- 10 horas de atención profesional (aux. Persoal at. complementaria) por cada 50 p. usuarias	10 X 0.10= 1 pto.	454,08
10.3.2.- 10 axudas técnicas por cada 50 p. usuarias	10 X 0.10= 1 pto.	3.271,94
10.3.3.- 2 prazas anuais para situacións de emerxencia en centros residenciais	2 X 2= 4 pto.	41.025,60
10.3.4.- 15 horas semanais de profesional no esixido no prego (fisioter, podólogo, perruquería)	3 pto.	10.270,00
10.3.5.- Medidas de fomento contratación	2 pto	1.500,00
10.3.6.- * 5 días de inicio de prestación de servizo	0.5 x 2 =1 pto	500,00
* 24 horas urxencias	0.25 x 4= 1 pto	
10.3.7.- 4 acción formativas que superan as 15 horas de formación ó ano pagadas a todo o persoal		Non valoran
* 2 acciones formativas que superan as 30 horas de formación ó ano pagadas a todo o persoal		
TOTAL PUNTOS	13	57.021,62 €

Informe técnico de Servizos Sociais

-  **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA.** Analizada e valorada a documentación deste licitador, correspóndelle **13 puntos.**

MELLORAS	PUNTUACION	VALR EC.
10.3.1.- 10 horas de atención profesional (aux. Persoal at. complementaria) por cada 50 p. usuarias	10 X 0.10= 1 pto.	430,96 €
10.3.2.- 10 axudas técnicas por cada 50 p. usuarias	10 X 0.10= 1 pto.	20.000
10.3.3.- 2 prazas anuais para situacións de emerxencia en centros residenciais	2 X 2= 4 pto.	22.800
10.3.4.- 15 horas semanais de profesional no esixido no prego ((fisioter, podólogo, perruquería)	3 PTOS	10.924,68
10.3.5.- Medidas de fomento contratación	2 ptos	Compromiso
10.3.6.- * 5 días de inicio de prestación de servizo	0.5 x 2 =1 pto	
* 24 horas urxencias	0.25 x 4= 1 pto	
10.3.7.- 4 acción formativas que superan as 15 horas de formación ó ano pagadas a todo o persoal		Non valoran
2 accións formativas que superan as 30 horas de formación ó ano pagadas a todo o persoal		Non valoran
TOTAL PUNTOS	13	54.155,64 €

-  **EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.** Analizada e valorada a documentación deste licitador, correspóndelle **11 puntos.**

MELLORAS	PUNTUACION	VALR EC.
10.3.1.- 10 horas de atención profesional (aux. Persoal at. complementaria) por cada 50 p. usuarias	10 X 0.10= 1 pto.	612,8
10.3.2.- 10 axudas técnicas por cada 50 p. usuarias	10 X 0.10= 1 pto.	3.871,00
10.3.3.- Plazas anuais para situacións de emerxencia en centros residenciais		
10.3.4.- 15 horas semanais de profesional no esixido no prego ((fisioter, podólogo, perruquería)	3 pto.	10.530,00
10.3.5.- Medidas de fomento contratación	2 ptos	Compromiso
10.3.6.- * 5 días de inicio de prestación de servizo	0.5 x 2 =1 pto	
* 24 horas urxencias	0.25 x 4= 1 pto	
10.3.7.- 4 acción formativas que superan as 15 horas de formación ó ano pagadas a todo o persoal	0.25 x 4= 1 pto	6.000,00
2 accións formativas que superan as 30 horas de formación ó ano pagadas a todo o persoal	0.50 x 2= 1 pto	
TOTAL PUNTOS	11	21.013,80 €

CADRO RESUMEN DAS PUNTUACIÓN DAS MELLORAS

MELLORAS .- 15 puntos		
ATENDO CALIDADE	VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA	EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.
Total parcial 13 puntos	Total parcial 13 puntos	Total parcial 11 puntos

CUARTO.- como consecuencia das valoracións anteriores, a valoración final dos sobres nº 3 das propostas presentadas na contratación mediante procedemento aberto, do servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela CON/67/2013 é a seguinte:

Licitadores:

- ✚ ATENDO CALIDADE SL. : 20+13.....TOTAL 33,00 puntos.
- ✚ VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA: 19,64+13.....TOTAL 32,64 puntos.
- ✚ EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.: 19,52+11TOTAL 30,52 puntos.
- ✚ CARFLOR S.L.:TOTAL 0 puntos.
- ✚ INGESAN – GRUPO OHL:TOTAL 0 puntos.

QUINTO.- Acompañase un cadro resumen das valoracións dos sobres nº 2 e nº 3 das propostas presentadas na contratación mediante procedemento aberto, do servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela CON/67/2013

Santiago de Compostela, a 29 de xaneiro do 2015.

Asdo.:

Inmaculada Peleteiro Rodríguez
Técnica Responsable Programa

Asdo.:


Mª Angeles Botas Piñón
Xefa de Sección de S. Sociais

V. P. Asdo.:

Mª Teresa Furelos Toral
Xefa do servizo da Área de B. Social



SERVIZO DE CONTRATACIÓN

 EMPRESAS	Cadro resumen das valoracións dos sobres nº 2 e nº 3 das propostas presentadas na contratación mediante procedemento aberto, do servizo de axuda no fogar no municipio de Santiago de Compostela CON/67/2013 por orden de puntuación.		
	Sobre nº 2	Sobre nº 3	TOTAL
VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA	18 PUNTOS	32,64 PUNTOS	50,64 PUNTOS – 1º
ATENDO CALIDADE SL	16 PUNTOS	33,00 PUNTOS	49,00 PUNTOS – 2º
EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.	18 PUNTOS	30,52 PUNTOS	48,52 PUNTOS – 3º
CARFLOR S.L.	20 PUNTOS	0,00 PUNTOS	20,00 PUNTOS – 4º
INGESAN OHL	17,5 PUNTOS	0,00 PUNTOS	17,50 PUNTOS – 5º

Santiago de Compostela, o 29 de xaneiro de 2015



Asdo.: Inmaculada Peleteiro Rodríguez
Técnica Responsable Programa SAF




Asdo.: Mª Angeles Botas Piñón
Xefa de Sección de S. Sociais




V. P. Asdo.: Mª Teresa Furelos Toral
Xefa do servizo da Área de B. Social

SERVIZO DE CONTRATACIÓN



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Expediente: *Contratación, mediante procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) no Concello de Santiago de Compostela.*

Asunto: *Emisión de informe sobre os estudos de coherencia económica e viabilidade dos proxectos presentados nas súas ofertas polas cinco empresas licitadoras en relación ao disposto no apartado 13.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que serviron de base para a licitación da contratación obxecto do expediente.*

INFORME TÉCNICO-ECONÓMICO

Obxecto

Con data de 9 de xaneiro de 2015 recíbese solicitude da Concelleira delegada da Área de Servizos Sociais do Concello de Santiago co obxecto de emitir informe relativo ao disposto no apartado 13.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que serviron de base para a licitación da contratación obxecto do expediente que se referencia, en relación cos estudos de coherencia económica e de viabilidade dos proxectos presentados nas súas ofertas polas cinco empresas licitadoras.

Achégaseme coa solicitude a seguinte documentación:

- 1.- Copia do estudo económico financeiro presentado pola licitadora ATENDO CALIDADE S.L.
- 2.- Copia do estudo económico presentado pola licitadora VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA.
- 3.- Copia do estudo que garante a coherencia económica e a viabilidade presentado pola licitadora EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.
- 4.- Copia do estudo de coherencia económica e viabilidade presentado pola licitadora GRUPO CARFLOR S.L.
- 5.- Copia do anexo I, modelo de proposición económica, presentado pola licitadora INGESAN-GRUPO OHL.
- 6.- Cadro resumo dos usuarios do servizo de axuda no fogar durante o ano 2014.
- 7.- Listado de traballadores do SAD Santiago de Compostela con data de 04/02/2014 a subrogar.
- 8.- Copia do II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio na CCAA de Galicia, vixente neste momento.
- 9.- Cadro resumo dos medios materiais, instalacións e equipo técnico que as empresas licitadoras vaian a pór a disposición exclusiva do contrato, m2 da oficina en Santiago de Compostela, nº de postos e equipamento por posto, nº de liñas telefónicas, accesibilidade, que foron detalladas nas distintas ofertas.
- 10.- Cadro de valoración das ofertas económicas.
- 11.- Valoración das melloras.

12.- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación do SAF a efectos da valoración do aval bancario (expositivo 17) e outras cousas de interese para a elaboración do informe, todo elo en relación co expediente de referencia CON/67/2013.

Alcance da análise realizada

Segundo o disposto no apartado 13.4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativo ao sobre nº 3,

...“Esta oferta acompañarase dun estudio que garanta a coherencia económica e a viabilidade do proxecto, no que se fará constar unha relación detallada de gastos, conforme ao proxecto que se ofrece.

O análise deste estudio derivará na exclusión das ofertas que se cualifiquen como incoherentes ou inviables economicamente.”

En base ao contido do disposto no apartado 13.4 antes transcrito, o alcance do informe límitase ao análise dos seguintes extremos:

1º.- Se as distintas empresas licitadoras presentaron o estudio solicitado, declarando a exclusión daquelas ofertas das distintas empresas licitadoras que non cumpran con este requisito.

2º.- Se o estudio presentado identifica e cuantifica os elementos básicos de custo necesarios para a correcta execución do contrato.

3º.- Se a valoración total dos elementos de custo descritos no seu estudio económico, incluído gastos xerais, beneficio industrial e impostos, permite a asunción por parte das distintas empresas licitadoras do prezo unitario de licitación proposto.

En base ao antedito, preséntase a continuación o análise realizado para as distintas empresas licitadoras para cada un dos extremos descritos con anterioridade.

1º.- Análise de se as distintas empresas licitadoras presentaron o estudio solicitado

Con base na documentación achegada desde a área de Servizos Sociais para a realización do presente informe e da súa análise, o resultado amósase no seguinte cadro explicativo:

Empresa Licitadora	Presentaron o estudio requerido
ATENDO CALIDADE S.L	SI
VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA	SI
EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.	SI
GRUPO CARFLOR S.L.	SI
INGESAN-GRUPO OHL	NON

Deste xeito, e con base no alcance establecido no punto 1º da análise a realizar, cabería concluír que todas as empresas licitadoras presentaron o estudio solicitado salvo a oferta da mercantil **INGESAN-GRUPO OHL**, podendo ser esta unha posible causa para decidir por parte da mesa de contratación a exclusión da súa oferta do concurso.

2º.- Análise de se os diferentes estudos presentados polas empresas licitadoras identifican e cuantifican os elementos básicos de custe necesarios para a correcta execución do contrato.

Con base na documentación achegada desde a área de Servizos Sociais para a realización do presente informe e da súa análise, poderíase establecer un **estudio económico tipo** que identifica e cuantifica os seguintes elementos de custe necesarios para a correcta execución do contrato:

➤ **Datos básicos do contrato SAF:**

	Con IVE	Sen IVE
Prezo hora básico de licitación	15,60 €	15,00 €
Anualidade de licitación (IVE incluído)	914.441,28 €	879.270,46 €
Nº de horas ao ano máximas que se inclúen no contrato SAF	58.618 horas	58.618 horas
Nº de horas mensuais media	4.885 horas	4.885 horas

	Totais	Básico	Dependencia
Nº de usuarios totais do ano 2014 do SAF	2.078 usuarios	1.255 usuarios	823 usuarios
Nº de usuarios mensual do ano 2014 do SAF	173 usuarios	105 usuarios	69 usuarios
Nº de horas totais do ano 2014 do SAF	64.620 horas	24.662 horas	39.958 horas
Nº de horas mensuais do ano 2014 do SAF	5.385 horas	2.055 horas	3.330 horas

➤ **Elementos de custe básicos que debería incorporar o estudio presentado:**

Unidade de custe


Custe de Persoal (inclúe salario bruto e custe de seguridade social)
Outros custes de persoal (traballo en días festivos, gastos de transporte do persoal, servizo de prevención e vixianza da saúde)
Custes de Materiais (uniformes e material sanitario básico)
Gastos de funcionamento e xerais (inclúe gastos financeiros e impostos)
Valoración económica das melloras ofertadas

Beneficio Industrial

Custe anual do servizo

➤ **Valoración económica dos distintos elementos de custe básicos que deberían incorporar os diferentes estudos que presentaran as empresas licitadoras:**

Custe de persoal: debería incluír na súa valoración o importe necesario que permita dar cobertura económica á subrogación de todo o persoal que na actualidade presta o servizo de SAF en Santiago. A relación de traballadores, a súa xornada laboral, a súa antigüidade na prestación do servizo, e os datos salariais puxéronse a disposición de todos os posibles licitadores dentro do que constituíu a documentación básica para licitación do presente concurso. Ao mesmo tempo, as súas condicións de traballo aparecen reguladas no II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio na CCAA de Galicia.



CONCELLO DE SANTIAGO

A información básica que permita valorar o custe do persoal a subrogar para a prestación do servizo en Santiago é a seguinte:

Convenio	II Convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio na CCAA de Galicia
Xornada máxima anual	1.755 horas/ano
Festivos/domingos ano 2015	66

S.Social empresa	%SS
Indefinido a TC	31,40%
Indefinido a TP	31,40%
Temporal a TC	32,60%
Temporal a TP	32,60%

Categoría	Salario Base 2012	2013	2014
Incremento IPC		2,9%	0,3%
Coordinador	1.396,16 €	1.436,65 €	1.440,96 €
Auxiliar de axuda a domicilio	964,15 €	992,11 €	995,09 €
Auxiliar administrativo	964,15 €	992,11 €	995,09 €
Antigüidade (trienios)			18,03 €
Prezo día festivos/domingos			18,00 €
Prezo Km			0,18 €

Por outra banda, para o cálculo da partida de custe de persoal deberíase ter en conta os seguintes aspectos:

1º.- Dentro da relación de traballadores, figuran 5 con tipo de contrato de "interinidade" o que supón que están contratados para suplir a outros traballadores do servizo que figuran na relación de traballadores a subrogar pero que por algún motivo (baixa, ILT, etc) non están a traballar no momento da confección do listado de traballadores. Por este motivo, tan só se tivo en conta para o cálculo do custe laboral, os traballadores con relación contractual de carácter indefinido a TC, a TP ou Temporal a TC ou TP, non os de carácter interino, posto que se incorporamos o custe laboral do titular do posto e o seu substituto estaríamos a duplicar o custe de cada posto de traballo.

2º.- A relación de Auxiliares de axuda a domicilio (AAD) a subrogar, sen ter en conta os que están en situación de interinidade é de 44, a relación de Coordinadores é de 2, xa que o feito de que o nº de usuarios no ano 2014 fora de media 173, esixe como persoal técnico mínimo a xornada completa de 2 persoas, que ao mesmo tempo xa figuran con contrato a subrogar.

3º.- O apartado 31º do Prego de Prescricións Técnicas relativa a "Recursos Humanos" establece que << A entidade deberá tamén adscribir ao servizo o persoal administrativo necesario para unha xestión áxil e eficaz: un posto como mínimo de base que se incrementará a razón dun posto por cada tres coordinadores>>. Con base no anterior, e sempre en termos de mínimos, incorpórase no estudio tipo realizado o custe de repercusión dun auxiliar administrativo cunha % de xornada laboral dedicada a este contrato do 20%. Puidérase entender que para dar cobertura a este cupo de persoal administrativo, as distintas empresas licitadoras se serviran do seu propio persoal da empresa sen chegar a ser necesaria a contratación de persoal específico.

O detalle do custe de persoal a subrogar amósase no seguinte cadro explicativo:

porcentaxe establecida en termos de mínimos dun 6% da xornada laboral, se ben é certo que este dato podería variar en función da planificación que realice o adxudicatario co seu persoal en función dos diferentes destinos dos lugares onde teñen que prestar o servizo.

Esta merma nas horas de xornada laboral eleva o **custe/hora do persoal** para a empresa a **12,51 €/hora**, e o custe laboral anual a **733.207,14 €**.

En resumo o custe laboral da prestación do servizo de SAF con base ao antedito e para as horas a realizar para unha anualidade é o seguinte:

		<u>Custe anual en €</u>	<u>Custe/hora do persoal</u>
Para	59.529,71 horas	699.934,35 €	11,76 €
Merma (6%)	3.571,78 horas		
Horas totais coa merma	55.957,93 horas	699.934,35 €	12,51 €
Horas contrato	58.618,00 horas	733.207,14 €	12,51 €
Custe/hora da merma na xornada			0,75 €

Outros custes de persoal: neste apartado do estudio, incluíronse os seguintes conceptos de custe vinculado ao persoal que presta o servizo:

Traballo en días festivos: neste apartado reflíctese a incidencia económica que tería no custe do servizo para o adxudicatario relacionado co feito de ter que prestar o servizo en domingos ou festivos, xa que os traballadores, segundo convenio terán que cobrar 18 € por día festivo traballado. Segundo datos obtidos de experiencias anteriores, traballan en días festivos unha media de 10 traballadores, polo que o custe repercutido por este concepto ao estudio é de 15.681,60 € con base no seguinte cadro explicativo

Unidade de custe de persoal	Nº uds	Nº persoas AAD	Custe/ud.	Custe bruto		Custo anual SS	Total custe
				anual	SS %		
Traballo en días festivos	66 festivos	10 AAD de media	18,00 €/día	11.880,00 €	32,00%	3.801,60 €	15.681,60 €

Desprazamento do persoal: neste apartado reflíctese a incidencia económica que tería no custe do servizo para o adxudicatario relacionado cos desprazamentos do persoal, tanto AAD como Coordinadores, tendo en conta que o Convenio colectivo recolle o custe por Km. en 0,18 €. Baseándose en datos obtidos de experiencias anteriores, o custe repercutido por este concepto ao estudio é de 22.200,00 € con base no seguinte cadro explicativo

Unidade de custe de persoal	Gasto mensual		Total custe
	medio	Nº meses	
Desprazamentos AAD	1.800,00 €	12	21.600,00 €
Desprazamentos Coordinadoras	50,00 €	12	600,00 €
			22.200,00 €

Outros custes de persoal: neste apartado reflíctese a incidencia económica que tería no custe do servizo para o adxudicatario relacionado coa contratación do Plan de Prevención de Riscos Laborais e coa Vixianza da Saúde, servizos de carácter obrigatorio para calquera empresa que realice unha actividade económica con traballadores ao seu cargo. Baseándose en datos de mercado, e en termos de mínimos, o custe repercutido por este concepto ao estudio é de 2.060,00 € con base no seguinte cadro explicativo

Outros custes de persoal	Nº uds	Custe/ud.	Custe anual
Plan de prevención de Riscos Laborais	1	450,00	450,00
Servizo de Vixanza da Saúde	46	35,00	1.610,00
			2.060,00

Custes de materiais (uniformes e material sanitario básico): neste apartado do estudio, incluíronse os seguintes conceptos de custe vinculados ao uniforme que teñen que ter os AAD que realizan o servizo e os materiais que a empresa ten que pór a súa disposición para realizar o traballo. En termos de mínimos, esta partida de custe repercute no estudio realizado nun importe global de 2.064,00 €, con base no seguinte detalle:

Equipos de traballo / unidades de custo	Nº uds	Custe/ud.	Custe anual
Uniformes (2 batas * 48 AAD)	96	10,00	960,00
Material sanitario (guantes)	480 caixas	2,30	1.104,00
			2.064,00

Gastos de funcionamento e xerais (inclúe gastos financeiros e impostos): neste apartado do estudio, incluíronse unha serie de conceptos de custe que permitan dar cobertura as necesidades descritas no Prego de Prescricións Técnicas que serven de base para a licitación (local accesible en Santiago, medios materiais e técnicos suficientes, infraestrutura informática, infraestrutura de comunicacións, etc.).

Ademais inclúese neste apartado outra serie de gastos vinculados á xestión normal de actividade dunha empresa (impostos, seguros, xestión laboral e administrativa), que ben pode ser obxecto de externalización pola adxudicataria ou ben pode ser un custe de repercusión da propia empresa vía gastos xerais, xa que estes servizos poden ser prestados directamente ou formar parte da estrutura da propia empresa e ser repercutidos a este contrato.

Finalmente tamén se incorporan neste apartado o reintegro de gastos ao Concello da publicidade da licitación do contrato e os gastos de aval e financeiros.

O seu detalle figura no seguinte cadro explicativo:

Gastos xerais da empresa / unidades de custo	Nº uds	Custe/ud.	Custe anual
Alugueiro Oficina en Santiago	12,00	300,00	3.600,00
Gastos mantemento oficina (limpeza, luz, auga, telefonía, outros gastos)	12,00	350,00	4.200,00
Equipos informáticos (amortización 4 anos)	2,00	300,00	150,00
Aplicacións informáticas (amortización 4 anos)	2,00	200,00	100,00
Impostos e seguros	1,00	1.000,00	1.000,00
Xestión Laboral e Administrativa da actividade	12,00	500,00	6.000,00
Publicidade licitación	1,00	400,00	400,00
Gastos de avais e financeiros	12,00	450,00	5.400,00
Outros gastos	12,00	100,00	1.200,00
			22.050,00

Valoración económica das melloras ofertadas: Os distintos estudos presentados polos licitadores deberan incluír como un elemento de custe máis, a valoración económica das melloras ofertadas ao Concello dentro da súa oferta xa que no caso de resultar a oferta adxudicataria deberanas facer efectivas sen contraprestación económica por parte do Concello, aínda que supoñan un custe efectivo real para a empresa que teña que realizalas.

Con base na valoración de tódolos elementos de custe descritos (sen ter en conta a valoración das posibles melloras que oferte cada licitador) e tomando como posible % de beneficio industrial o 5%, chegaríamos a un **custe/hora tipo de 14,29 €/hora**, que se situaría por debaixo do prezo unitario fixado no orzamento de licitación que era de 15 €/hora. O seu detalle é o seguinte (tendo en conta que o número de horas máximo que se licitan é de 58.618 horas):

Unidade de custe	Importe	Custe/hora
Custe de Persoal	733.207,14 €	12,51 €/hora
Outros custes de persoal (festivos e transporte)	39.941,60 €	0,68 €/hora
Custes de Materiais	2.064,00 €	0,04 €/hora
Gastos de funcionamento e xerais da empresa	22.050,00 €	0,38 €/hora
	797.262,74 €	13,61 €/hora
5% Beneficio Industrial	39.863,14 €	0,68 €/hora
Custe anual do servizo	837.125,88 €	14,29 €/hora

- Análise de se os diferentes estudos presentados polas empresas licitadoras identifican e cuantifican os elementos básicos de custe necesarios para a correcta execución do contrato.**

ATENDO CALIDADE S.L.

O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora ATENDO identifica e valora os elementos de custe básicos reflectidos no estudo económico tipo fixado con anterioridade, e da proposta presentada xustifícase o prezo único ofertado na proposición económica, que é de **14,38 €/hora**. O detalle resumido do estudo presentado por elementos de custe é o seguinte:

Unidade de custe	Importe	Custe/hora
Custe de Persoal	706.346,90 €	12,05 €/hora
Outros custes de persoal (Desprazamento Km)	8.792,70 €	0,15 €/hora
Repercusión resto de custes (inclúe a valoración das melloras)	104.799,90 €	1,79 €/hora
	819.939,50 €	13,99 €/hora
2,8% Beneficio Industrial	22.958,31 €	0,39 €/hora
Custe anual do servizo para a oferta de ATENDO	842.897,81 €	14,38 €/hora
Importe neto da cifra de negocios da proposta de ATENDO	842.897,81 €	
Marxe s/Ventas	2,72%	

- VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.

O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora VALORIZA identifica e valora os elementos de custe básicos reflectidos no estudo económico tipo fixado con anterioridade, e da proposta presentada xustifícase o prezo único ofertado na proposición económica, que é de **14,64 €/hora**. O detalle resumido do estudo presentado por elementos de custe é o seguinte:

Unidade de custe	Importe	Custe/hora
Custe de Persoal (MOD e MOI) - inclúe desprazamentos e absentismos	771.857,22 €	13,17 €/hora
Custes operativos (inclúe a valoración das melloras)	56.523,47 €	0,96 €/hora
Gastos Xerais (3%)	25.752,77 €	0,44 €/hora
	854.133,46 €	14,57 €/hora
0,5 % Beneficio Industrial	4.292,13 €	0,07 €/hora
Custe anual do servizo para a oferta de VALORIZA	858.425,59 €	14,64 €/hora
Importe neto da cifra de negocios da proposta de VALORIZA	858.425,59 €	
Marxe s/Ventas	0,50%	

- EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A.

O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora EULEN identifica e valora os elementos de custe básicos reflectidos no estudo económico tipo fixado con anterioridade, e da proposta presentada xustifícase o prezo único ofertado na proposición económica, que é de **14,73 €/hora**. O detalle resumido do estudo presentado por elementos de custe é o seguinte:

Unidade de custe	Importe	Custe/hora
Custe de persoal de AAD (inclúe materiais, absentismo, mermas e desprazamentos)	689.347,68 €	11,76 €/hora
Custe da coordinación (inclúe persoal, desprazamentos e gastos de comunicación)	95.746,44 €	1,63 €/hora
Custe de vehículos, oficina e outros custes do local	9.180,00 €	0,16 €/hora
Custe das melloras	21.013,80 €	0,36 €/hora
	815.287,92 €	13,91 €/hora
5,9 % Beneficio Industrial	48.155,22 €	0,82 €/hora
Custe anual do servizo para a oferta de EULEN	863.443,14 €	14,73 €/hora
Importe neto da cifra de negocios da proposta de EULEN	863.443,14 €	
Marxe s/Ventas	5,58%	

- GRUPO CARFLOR S.L.

O estudo económico e de viabilidade presentado pola empresa licitadora CARFLOR non identifica e valora os elementos de custe básicos reflectidos no estudo económico tipo fixado con anterioridade neste informe, senón que presenta unha conta de PyG onde incorpora unhas valoracións de gastos de persoal e gastos de explotación que non detalla e xustifica.

O que se pode deducir da proposta presentada é que partindo dunha cifra de INCN de 914.441,28 e tendo en contas os gastos que incorpora na súa conta de explotación, o resultado do exercicio que lle

dá permítelle a empresa ter marxe para poder baixar o prezo hora tipo de licitación ata os 14,49 €/hora sen entrar a xustificar o porque deste prezo ofertado.

De tódolos xeitos, a súa conta de PyG parte dun erro básico, xa que toma como INCN o importe dunha anualidade do orzamento de licitación IVE incluído do 4% (914.441,28 €), e debería ter en conta para a súa análise de que o IVE que se repercute no contrato tense que ingresar a facenda e non supón un ingreso para a empresa adjudicataria. Deste xeito, o importe que debería terse en conta para a súa conta de PyG é o de 879.270,46. Deste erro tamén se deriva o nº de horas máximo anual da licitación que a empresa licitadora fixa en **60.962,75 horas**, cando o número real máximo de horas ao ano que cabe no contrato para o prezo único de licitación é de 58.618 horas. Estes dous erros levan a que no seu estudio económico propoñan unha anualidade de prezo ofertado de **883.350,24 euros**, anualidade que non se podería cubrir co crédito previsto ao ano polo Concello de Santiago para a xestión deste contrato que se está a licitar.

Tendo en conta o antedito debería ser a mesa de contratación a que debera tomar a decisión que cabería adoptar en relación á incoherencia e a falta de rigor do estudio presentado, en aras a declarar unha posible exclusión ou non da oferta presentada por este licitador.

- INSTITUTO DE GESTIÓN SANITARIA S.A.U.

Esta empresa licitadora non presentou na documentación relativa ao anexo I un estudio que garanta a coherencia económica e a viabilidade do proxecto presentado. Tan só consta o prezo único ofertado que se compromete a executar que é de 14,41 €/hora IVE non incluído.

3º.- Análise de se a valoración total dos elementos de custo descritos no seu estudio económico, incluído gastos xerais, beneficio industrial e impostos, permite a asunción por parte das distintas empresas licitadoras do prezo unitario de licitación proposto.

O que se pretende neste apartado do informe e a análise comparativa da valoración dos elementos de custe descritos por cada estudio presentado por cada licitador, co estudio de custe anual do contrato tipo elaborado con anterioridade neste informe e que chegaba a un custe/hora tipo de **14,29 €/hora**, tendo en conta unha previsión dun 5% de beneficio industrial e que non incorporaba a valoración das melloras que propón cada licitador. O seu detalle era o seguinte (tendo en conta que o número de horas máximo que se licitan é de 58.618 horas):

Unidade de custe	Importe	Custe/hora
Custe de Persoal	733.207,14 €	12,51 €/hora
Outros custes de persoal (festivos e transporte)	39.941,60 €	0,68 €/hora
Custes de Materiais	2.064,00 €	0,04 €/hora
Gastos de funcionamento e xerais da empresa	22.050,00 €	0,38 €/hora
	797.262,74 €	13,61 €/hora
5% Beneficio Industrial	39.863,14 €	0,68 €/hora
Custe anual do servizo	837.125,88 €	14,29 €/hora

- ATENDO CALIDADE S.L.

O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora ATENDO xustifica o prezo único ofertado na súa proposición económica, que é de **14,38 €/hora**. Da análise da comparativa do seu estudo co estudio tipo detallado neste informe, cabe mencionar as seguintes conclusións que deben servir como referencia para a toma de decisións da mesa de contratación á hora de valorar a viabilidade do estudo económico presentado:

- 1º. No estudio de ATENDO fíxase o custe hora do persoal en 12,05 €/hora e os gastos de desprazamentos do persoal en 0,15 €/hora, o que levaría a unha repercusión do custe directo de persoal de 12,20 €/hora sobre o prezo único ofertado de 14,38 €/hora. Non se facilita na documentación que se achega pola empresa a xustificación do custe hora do persoal repercutido polo que, deste xeito, non se pode ter información sobre que se tivo en conta para chegar a esa valoración do custe de persoal.

En comparativa co estudio tipo que se achega neste informe, prodúcese unha minoración de entono ao 7% nesta partida de custe de persoal con respecto ao fixado no estudio tipo. É dicir, o custe de persoal asumido por este informe (incluído mermas, traballo en días festivos e desprazamentos) ascendería a 13,14 €/hora polos 12,20 €/hora da oferta de ATENDO. Tendo en conta as horas máximas do contrato a valoración económica desta minoración cífrase entono aos 55.349,14 €.

Ao non aparecer xustificado a repercusión do custe/hora do persoal non se pode analizar o porque destas diferenzas pero é probable que proveñan da non consideración das mermas no tempo de traballo tendo en conta os tempos de descanso e desprazamentos do persoal contratado aos diferentes centros de traballo. Por outra banda, parece escasa a partida de 0,15 €/hora para a repercusión do custe/hora nos gastos de desprazamento do persoal que no estudio tipo se fixa en 21.600 € o que se traduce nun custe de repercusión de 0,37 €/hora.

- 2º. A partida de repercusión de custe/hora por importe global de 1,79 €/hora, que engloba o resto de custes detallados no estudio, parece máis que suficiente para a xestión normal do contrato de SAF. Nesta partida tamén se recolle a valoración das melloras ofertadas.
- 3º. Cabe facer mención da marxe comercial bruto ou % de beneficio industrial do 2,8% que asume a mercantil ATENDO que leva a unha marxe sobre vendas do 2,72 %. En relación coa % fixada no estudio tipo que é do 5% de beneficio industrial, supón unha minoración do 44% sobre a porcentaxe tipo fixada no estudio. Unha marxe comercial ou beneficio industrial moi baixo reduce notablemente a marxe por parte da empresa licitadora para a asunción de calquera tipo de imprevistos na xestión do contrato que alterase as previsións de custe inicial establecidas, o que podería redundar finalmente nunha perda na calidade do servizo prestado.

- VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.

O estudo económico financeiro presentado pola empresa licitadora VALORIZA xustifica o prezo único ofertado na súa proposición económica, que é de **14,64 €/hora**. Da análise da comparativa do seu estudio co estudio tipo detallado neste informe, cabe mencionar as seguintes conclusións que deben servir como referencia para a toma de decisións da mesa de contratación á hora de valorar a viabilidade do estudo económico presentado:

1º. No estudio presentado pola mercantil VALORIZA a partida de custe hora do persoal (tanto directo coma indirecto) aparece valorada en 13,17 €/hora o que se cuantifica en 771.857,22 €. Neste caso, si que se facilita na documentación que se achega pola empresa a xustificación do custe hora do persoal repercutido, polo que se pode dicir que este prezo de repercusión incorpora como elementos integrantes unha partida para o absentismo e outra máis que suficiente para cubrir os desprazamentos do persoal. Non aparece reflectida neste apartado a posible repercusión de traballo do persoal en días festivos, que no estudio tipo facilitado supón 15.681,60 €, que en termos de prezo/hora levaría a unha repercusión de, aproximadamente, 0,27 €/hora.

En comparativa co estudio tipo que se achega neste informe, prodúcese un aumento de 0,03 €/hora nesta partida de custe de persoal con respecto ao fixado no estudio tipo.

2º. A partida de repercusión de custe/hora por importe global de 1,40 €/hora, que engloba o resto de custes detallados no estudio, parece máis que suficiente para a xestión normal do contrato de SAF. Nesta partida tamén se recolle a valoración das melloras ofertadas.

3º. Cabe facer mención da marxe comercial bruto ou % de beneficio industrial do 0,5% que asume a mercantil VALORIZA que leva a unha marxe sobre vendas do 0,50 %. En relación coa % fixada no estudio tipo que é do 5% de beneficio industrial, supón unha minoración do 90% sobre a porcentaxe tipo fixada no estudio. Unha marxe comercial ou beneficio industrial moi baixo reduce notablemente a marxe por parte da empresa licitadora para a asunción de calquera tipo de imprevistos na xestión do contrato que alterase as previsións de custe inicial establecidas, o que podería redundar finalmente nunha perda na calidade do servizo prestado ou, en último termo a un posible abandono do contrato.

- EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS S.A.

O estudio económico financeiro presentado pola empresa licitadora EULEN xustifica o prezo único ofertado na súa proposición económica, que é de **14,73 €/hora**. Da análise da comparativa do seu estudio co estudio tipo detallado neste informe, cabe mencionar as seguintes conclusións que deben servir como referencia para a toma de decisións da mesa de contratación á hora de valorar a viabilidade do estudio económico presentado:

1º. No estudio presentado pola mercantil EULEN a partida de custe hora do persoal (tanto de AAD –incluídos uniformes e material sanitario - como de Coordinadoras) aparece valorada en 13,39 €/hora o que se cuantifica en 785.094,12 €. Neste caso, si que se facilita na documentación que se achega pola empresa a xustificación do custe hora do persoal repercutido, polo que se pode dicir que este prezo de repercusión incorpora como elementos integrantes unha partida para o absentismo, asuntos propios, mermas, e outra máis que suficiente para cubrir os desprazamentos do persoal. Tamén aparece a repercusión en gastos de coordinación dun auxiliar administrativo, cunha repercusión do 60% de xornada a disposición do contrato. Non aparece reflectida neste apartado a posible repercusión de traballo do persoal en días festivos, que no estudio tipo facilitado supón 15.681,60 €, que en termos de prezo/hora levaría a unha repercusión de, aproximadamente, 0,27 €/hora.

En comparativa co estudio tipo que se achega neste informe, prodúcese un aumento de 0,20 €/hora nesta partida de custe de persoal con respecto ao fixado no estudio tipo.

- 2º. A partida de repercusión de custe/hora por concepto doutros gastos por importe global de 0,52 €/hora, que engloba o resto de custes detallados no estudio incluídas as melloras que representan 0,36 €/hora, parece un pouco escasa con respecto ao estudio tipo que se fixa en 0,38 €/hora pero que non incorpora as melloras, se ben cabe mencionar que a % de beneficio industrial fixada nun 5,9% podería chegar a absorber esa deficiencia de crédito para os gastos xerais da actividade.
- 3º. A marxe comercial bruta ou % de beneficio industrial fixado por EULEN é do 5,9% que leva a unha marxe sobre vendas do 5,58 % sitúase nos termos razoables para este tipo de actividade.

- GRUPO CARFLOR S.L.

O estudio económico financeiro presentado pola empresa licitadora CARFLOR non identifica e valora os elementos de custe básicos reflectidos no estudio económico tipo fixado con anterioridade neste informe, senón que presenta unha conta de PyG onde incorpora unhas valoracións de gastos de persoal e gastos de explotación dos que lle resulta un prezo único ofertado na súa proposición económica, que é de **14,49 €/hora**.

Sen ter en conta o **erro importante** de asumir como Importe neto da cifra de negocios o importe da licitación IVE incluído, senón o importe da licitación IVE non incluído que é de 879.270,46 €, e sen ter en conta o **erro importante** de fixar o nº de horas máximo que podería facturar a licitadora que é de 58.618 horas e non de 60.962,75 horas como se reflicte na súa proposta, poderíanse mencionar as seguintes conclusións que poden servir como referencia para a toma de decisións da mesa de contratación á hora de valorar a viabilidade do estudio económico presentado:

Importe neto da cifra de negocios da proposta de CARFLOR	849.374,82 €	58.618,00 horas
Conta de explotación		
Gastos de persoal	768.779,47 €	13,12 €/hora
Gastos de explotación	19.284,00 €	0,33 €/hora
Suma de gastos de explotación	788.063,47 €	13,44 €/hora
Resultado antes de impostos (7,78% de beneficio industrial)	61.311,35 €	1,05 €/hora
Imposto sobre beneficios (30%)	18.393,41 €	
Resultado do exercicio	42.917,94 €	
Custe anual do servizo para a oferta de CARFLOR	849.374,82 €	14,49 €/hora
Marxe s/Ventas	7,22%	

- 1º. No estudio presentado pola mercantil CARFLOR a partida de custe hora do persoal, supoñendo que o importe reflectido na súa conta de explotación como gastos de persoal recolle todo o custe de subrogación de persoal adscrito ao servizo e as peticións formuladas nos pregos de condicións, aparecería valorada en 13,12 €/hora o que se cuantifica en 768.779,47 €.

- En comparativa co estudio tipo que se achega neste informe, produciríase unha minoración de 0,07 €/hora nesta partida de custe de persoal con respecto ao fixado no estudio tipo, que en termos globais anuais sería de, aproximadamente, de 4.103,26 €.
- 2º. A partida de repercusión de custe/hora por concepto doutros gastos por importe global de 0,33 €/hora, que englobaría o resto de custes detallados no estudio, parece un pouco escasa con respecto ao estudio tipo que se fixa en 0,42 €/hora pero que non incorpora as melloras. Dicar que a proposta de estudio presentada por CARFLOR non valora economicamente as melloras, polo que da información que proporciona non se pode deducir se esta valoración se inclúe na súa proposta ou non.
 - 3º. A marxe comercial bruta ou % de beneficio industrial que se podería deducir por CARFLOR da análise da documentación presentada e que a súa % de beneficio industrial é do 7,78% que leva a unha marxe sobre vendas do 7,22 %, marxe máis que razoable para este tipo de actividade.
 - 4º. Toda esta análise da conta de explotación da proposta de CARFLOR realízase en base a hipóteses non en datos reais posto que non se desagregan na documentación que achega.


INSTITUTO DE GESTIÓN SANITARIA S.A.U.

Esta empresa licitadora non presentou na documentación relativa ao anexo I un estudio que garanta a coherencia económica e a viabilidade do proxecto presentado. Tan só consta o prezo único ofertado que se compromete a executar que é de 14,41 €/hora IVE non incluído.

Este informe remítese á área de Benestar Social para que, en base ao seu contido, podase ditaminar unha posible exclusión ou non das ofertas recibidas e trasladen á mesa de contratación as conclusións correspondentes en relación á incoherencia ou inviabilidade económica das mesmas.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2015

O técnico da Oficina Orzamentaria,



Asdo.: Jesús Noya Liste



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY1115	<i>Expediente</i> CON/67/2013	

ACTA DA 7ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 15 euros/hora euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Urbanismo, Antiga Capela, 23 de febreiro, ás 9:25 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D./Dª María José Corral López

Vocales: D./Dª. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.

D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª Teresa Furelos, xefe do servizo municipal de Servizos Sociais.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.

D. José Ramón Alonso Fernández, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.**, consideran que a documentación aportada pola empresa para xustificar a súa solvencia económica non se axusta ao requerido no prego de cláusulas administrativas no seu artigo 4.2, xa que presenta unicamente unha declaración sobre o seu volume global de negocios e non a requerida declaración anual de operacións con terceiros referida ós últimos tres anos e tamén un seguro de responsabilidade civil que só é válido para acreditar a solvencia de profesionais autónomos, e non de empresas, polo que, de conformidade co sinalado no propio prego, se acorda outorgar ao licitador o prazo de **tres días hábiles** para subsanar as deficiencias observadas.

Ás 9:35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE

O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY1115	<i>Expediente</i> CON/67/2013	

ACTA DA 8ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de Axuda no Fogar no municipio de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 15 euros/hora euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Urbanismo, Antiga Capela, 9 de marzo de 2015, 9:40 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª María José Corral López

Vocales: D.Manuel Martínez Varela representante do grupo PP.

D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.

D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.

D./Dª Teresa Furelos, xefe do servizo municipal de Servizos Sociais.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor xeral Municipal.


D. José Ramón Alonso Fernández, Director da asesoría xurídica municipal

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación solicitada para acreditar a solvencia económica ao licitador proposto como adxudicatario, **VALORIZA SERVICIOS A LA DEPENDENCIA S.L.** consideran que se axusta ós requerimentos do prego, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación de data 5/2/2015 a favor do mencionado licitador.

Ás 9.45 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA**



O/A SECRETARIO/A DA MESA

